

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPTE 16269-445

**DESTINATARIO: MESA DE CONTRATACIÓN**

**ASUNTO: PROCEDIMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. (EXPDTE 16269-445)**

**INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS ECONÓMICAS (SOBRE “C”).**

Con data 18 de xullo de 2024, a Mesa de Contratación remitiu á Area de Fomento para informe e valoración, as ofertas económicas presentadas polos licitadores no sobre “C”, para a súa valoración de acordo cos criterios establecidos no apartado 7.B das FEC.

De acordo coa acta da mesa de contratación as ofertas presentadas son as que indican a continuación:

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA	CONTITRADE ESPAÑA, S.A	NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L.	RODI GALICIA, S.L.
Porcentaxe de desconto á aplicar ós prezos unitarios de subministro e colocación de cada tipo de pneumático, detallados no Anexo III do PPTT	30,00 %	34,00 %	22,00 %
Porcentaxe de desconto á aplicar ós prezos unitarios dos servizos asociados detallados no Anexo III ao PPT	30,00 %	39,00%	26,00%
Incremento dos valores mínimos da clasificación do etiquetado europeo en seguridade e eficiencia enerxética esixidos na cláusula 6.4 do PPT dos pneumáticos a subministrar nas categoría C1, C2 e C3			
C1 Valor A	no	si	no
C1 Valor B	si	si	no
C2 Valor C	si	si	no
C3 Valor C	si	si	no

**A.- VALORACIÓN PARA A DETERMINACIÓN DE OFERTAS ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS:**

1



PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPTE 16269-445

Antes de proceder a valoración deste criterios, procede determinar si a oferta contén valores anormais ou desproporcionados, para o cal débese atender os criterios establecidos no apartado 7D das FEC e cláusula 16B do PCAP, que establece:

Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas ofertas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación en valor porcentual, sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.
- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

Polo que de acordo co exposto, as ofertas presentada non contén valores anormais ou desproporcionados.

## **B.- VALORACIÓN DAS OFERTAS DE ACORDO COS CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FORMULA:**

De acordo co recollido nos apartados 7.A., das FEC, para a avaliación da oferta presentada polo licitador no “sobre C” o presente informe atenderá os seguintes criterios:

### **A) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA: 80 puntos**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/07/2024 12:51	Páxina 2 de 7
16269-445	CSV: A6A152-2A4A5A-8D3CBC-LZSTM1-A4XQCV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPTE 16269-445

**1.- Porcentaxe de desconto á aplicar ós prezos unitarios de subministro e colocación de cada tipo de pneumático, detallados no Anexo III do PPTT: valorarase con ata 50 puntos**

O licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa, (indicado en valor porcentual con un máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos unitarios do subministro.

Para a súa valoración aplicarase a seguinte fórmula:

- a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre :  $0,8 * Be < Bi \leq Be$

$$PE1 = 47 + 3 * \left( \frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

- b) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55 * Be < Bi \leq 0,8 * Be$

$$PE1 = 40 + 7 * \left( \frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

- c) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 * Be \leq Bi \leq 0,55 * Be$

$$PE1 = 40 * \left( \frac{Bi}{0,55 * Be} \right)$$

Sendo:

PE1 = Puntuación sobre a oferta do porcentaxe de baixa: entre 0,00 puntos e 50,00 puntos.

Bi= Porcentaxe de baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, expresado como a porcentaxe ofertado para aplicar os prezos unitarios, expresado en porcentaxe con un máximo de dous decimais

Be= Porcentaxe de baixa da oferta máis económica, expresado en valor porcentual con un máximo de dous decimais.

De acordo coas formulas e a oferta de cada licitador a puntuación e a seguinte:



PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPTE 16269-445

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA	CONTITRADE ESPAÑA, S.A	NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L.	RODI GALICIA, S.L.
Porcentaxe de desconto á aplicar ós prezos unitarios de subministro e colocación de cada tipo de pneumático, detallados no Anexo III do PPTT.	30,00	34,00	22,00
<b>Puntos obtidos:</b>	<b>48,24</b>	<b>50,00</b>	<b>42,72</b>

**2.- Porcentaxe de desconto á aplicar ós prezos unitarios dos servizos asociados detallados no Anexo III ao PPT: valorarase con ata 18 puntos**

Para a definición do prezo unitario dos servizos o licitador ofertará unha única porcentaxe de baixa (indicado en valor porcentual con un máximo de dous decimais), que será aplicada de forma uniforme a todos os prezos unitarios dos servizos, aplicándose a seguinte formula para a súa valoración:

- a) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre :  $0,8 * Be < Bi \leq Be$

$$PE2 = 16 + 2 * \left( \frac{Bi - (0,8 * Be)}{0,2 * Be} \right)$$

- b) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0,55 * Be < Bi \leq 0,8 * Be$

$$PE2 = 10 + 6 * \left( \frac{Bi - (0,55 * Be)}{0,25 * Be} \right)$$

- c) Para baixas (Bi) cuxo valor se atope comprendido entre:  $0 * Be \leq Bi \leq 0,55 * Be$

$$PE2 = 10 * \left( \frac{Bi}{0,55 * Be} \right)$$

Sendo:

PE2 = Puntuación sobre a oferta do porcentaxe de baixa: entre 0,00 puntos e 18,00 puntos.

Bi= Porcentaxe de baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación, expresado como a porcentaxe ofertado para aplicar os prezos unitarios dos servizos. Será expresado en porcentaxe con un máximo de dous decimais



PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPTE 16269-445

Be= Porcentaxe de baixa da oferta máis económica, expresado en valor porcentual con un máximo de dous decimais.

De acordo coas formulas e a oferta de cada licitador a puntuación e a seguinte:

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA	CONTITRADE ESPAÑA, S.A	NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L.	RODI GALICIA, S.L.
Porcentaxe de desconto á aplicar ós prezos unitarios dos servizos asociados detallados no Anexo III ao PPT	30,00	39,00	26,00
<b>Puntos obtidos:</b>	<b>15,26</b>	<b>18,00</b>	<b>12,80</b>

**3.- Incremento dos valores mínimos da clasificación do etiquetado europeo en seguridade e eficiencia enerxética esixidos na cláusula 6.4 do PPT dos pneumáticos a subministrar nas categoría C1, C2 e C3: valorarase con ata 12 puntos**

Etiquetaxe de Seguridade	Valor ofertado	Puntuación asignada (PS)
Pneumáticos Clase C1	Valor A	3
<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA ASIGNADA (PS)</b>		<b>3</b>
Etiquetaxe Enerxética	Valor ofertado	Puntuación asignada (PEF)
Pneumáticos Clase C1	Valor B	3
Pneumáticos Clase C2	Valor C	3
Pneumáticos Clase C3	Valor C	3
<b>PUNTUACIÓN MÁXIMA ASIGNADA (PEF)</b>		<b>9</b>

De acordo cos criterios de puntuación e a oferta de cada licitador a puntuación e a seguinte:

CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE	CONTITRADE	NEUMÁTICOS	RODI
----------------------------------	------------	------------	------

5



Copia do documento - Concello de Vigo  
16269-445

Data impresión: 24/07/2024 12:51

Páxina 5 de 7

CSV: A6A152-2A4A5A-8D3CBC-LZSTM1-A4XQCV-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPTE 16269-445

FÓRMULA	ESPAÑA, S.A		BERBÉS, S.L.		GALICIA, S.L.	
Incremento dos valores mínimos da clasificación do etiquetado europeo en seguridade e eficiencia enerxética esixidos na cláusula 6.4 do PPT dos pneumáticos a subministrar nas categoría C1, C2 e C3						
C1 Valor A	no	0	si	3	no	0
C1 Valor B	si	3	si	3	no	0
C2 Valor C	si	3	si	3	no	0
C3 Valor C	si	3	si	3	no	
<b>Puntos obtidos:</b>	<b>9,00</b>		<b>12,00</b>		<b>0,00</b>	

Resumen das puntuacións finais:

Empresas licitadoras	CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: max: 20 puntos	CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA, Max 80 puntos	TOTAL
CONTITRADE ESPAÑA, S.	12,00	72,50	84,5
NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L.	18,00	80,00	98,00
RODI GALICIA, S.L.	8,00	55,52	63,52

Resumen da puntuación por orde decrecente:

Orden	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L.	98,00
2º	CONTITRADE ESPAÑA, S.	84,50
3º	RODI GALICIA, S.L.	63,52

Do presente informe dáselle traslado a Mesa de contratación para que a vista de este, e en virtude das súas competencias, proceda a continuación do expediente.



PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPTE 16269-445

**Vigo, na data da sinatura electrónica**

O Enxeñeiro de Camiños, canais e Portos D. Juan Manuel Sánchez González

**CONFORME:**

O Xefe do Area de Servizos. - D. Jerónimo Centrón Castaños.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/07/2024 12:51	Páxina 7 de 7
16269-445	CSV: A6A152-2A4A5A-8D3CBC-LZSTM1-A4XQCV-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		